



Concello de Outes

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto **NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTES**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

| | |
|---|---|
| Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa | Aprobas as normas de funcionamento para a prestación do servizo Escola Infantil Municipal de Outes. Promover a mellora e ampliación dos servizos de atención á poboación infantil, de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos, do concello de Outes ante a necesidade de atender as demandas da poboación xa que os existentes na actualidade son insuficientes para cubrir as necesidades da maioría das familias. |
| Necesidade e Oportunidade da súa | As normas de funcionamento responden á necesidade de regular o servizo municipal de Escola Infantil |

Concello de Outes





Concello de Outes

Concello de Outes

| | |
|---|---|
| aprobación | adaptándoo ás novas e cada vez mais crecentes demandas existentes na actualidade de mais horas de atención educativa á primeira infancia proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas. |
| Obxectivos da norma | 1.- Establecer unhas normas de organización e funcionamento do Servizo: Escola Infantil Municipal. 2.- Incrementar a transparencia dos servizos de atención á primeira infancia. 3.- Facilitar ás familias de Outes conciliar a súa vida laboral e familiar a través dos servizos municipais. 4.- Garantir un uso responsable do servizo: Escola Infantil Municipal. |
| Posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras. | É necesario aprobar unhas normas de funcionamento do servizo: Escola infantil Municipal que regule dito servizo. |

Outes, na data que figura na marxe;

O alcalde,
D. Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Cod. Validación: 34JX1X4RQQZLTC4R4RQYMCKL | Corrección: <https://out.es/sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2